

Importante!

O/A alumno/a ten o deber de coñecer e aceptar o Protocolo e asinar o Compromiso de Confidencialidade (Anexo 1), sendo responsable persoal de acatar o deber de confidencialidade cuxo incumprimento pode ter consecuencias penais, disciplinarias e mesmo civís.

Normativa

- ✓ Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- ✓ Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.
- ✓ Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica (LBAP).
- ✓ Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.
- ✓ Lei 33/2001, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Xerencia de Xestión Integrada
de Vigo

Información Protocolo sobre pautas básicas para garantir e protexer o dereito á intimidade do paciente

Orde SSI/81/2017 de 19 de xaneiro
BOE Núm. 31, de 6 de febreiro de 2017

Docencia de Grao
EOXI de Vigo

Obxecto

Establecer as pautas básicas de actuación para garantir o dereito á dignidade e intimidade do paciente cando é atendido en presenza de alumnos de titulacións relacionadas coas Ciencias da Saúde e cando é atendido por profesionais que cursan formación especializada en Ciencias da Saúde.

Orde SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Salud, polo que se aproba o Protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde.

¡Importante!

Non esquezas que ...

- ✓ Os pacientes teñen dereito ao respecto da súa personalidade, dignidade humana e intimidade e á confidencialidade de toda a información referente á súa saúde e ninguén pode acceder a ela sen previa autorización.
- ✓ O deber de confidencialidade afecta a datos íntimos, biográficos e do seu entorno e comprende a información contida na historia clínica e aquela á que se teña acceso por comunicación verbal, grabacións, vídeos, etc. Exceptúanse aqueles supostos que impliquen un risco para a vida do afectado ou de terceiros ou prexuízo para a saúde pública, que se porán en coñecemento dos responsables asistenciais.
- ✓ O artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, reconece o deber de manter segredo respecto á información á que se acceda no desenvolvemento da súa actividade, comprometéndose a prestar máximo coidado e confidencialidade no manexo e custodia de calquera información/documentación durante o seu período formativo e unha vez concluído o mesmo.

- ✓ Non procede transferir, duplicar ou reproducir todo ou parte da información á que teña acceso con motivo da súa actividade no Centro, non podendo utilizar os datos proporcionados polo mesmo para finalidades distintas á formación ou aquelas outras para as que fora autorizado pola Dirección do Centro.
- ✓ Os/as alumnos/as non poderán acceder ao paciente nin á información clínica do mesmo sen a supervisión directa do persoal do centro.
- ✓ É imprescindible levar en todo momento a tarxeta identificativa nun lugar visible, para facilitar o seu recoñecemento por parte de usuarios/as e profesionais.
- ✓ Antes do inicio do acto asistencial o profesional responsable informará ao paciente ou ao seu representante da presenza de estudantes solicitando consentimento verbal para que presencien as actuacións clínicas.
- ✓ Salvo supostos especiais consentidos polo paciente, non deberán estar presentes máis de tres alumnos/as por paciente e o número máximo de persoas en formación presentes ante o paciente non deberá exceder de cinco.